

CONVOCATORIA MEDIOS

Evento: Acto de entrega da certificación de calidade ISO 9001:2000 ao Centro de Supercomputación de Galicia por parte da entidade Det Norske Veritas (DNV).

Día: Martes, 24 de xaneiro de 2006

Hora: 12:00 h.

Lugar: Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)
Avda. de Vigo, s/n
15705 Santiago de Compostela

O CESGA garantiza a mellora continua dos seus servizos coa obtención do certificado de calidade ISO 9001:2000 DNV fará mañá entrega do mesmo ao presidente do Centro

O director xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria e presidente do Centro de Supercomputación de Galicia, Salustiano Mato de la Iglesia, xunto co director do mesmo, Javier García Tobío recibirán mañá no CESGA de mans da entidade certificadora Det Norske Veritas (DNV), a certificación de calidade ISO 9001:2000, pola cal o Centro acredita que os seus sistemas de xestión son garante de calidade dos servizos e produtos que ofrece, así como da súa mellora continua.

Tras a análise á que foron sometidos os procesos de prestación de servizos do Centro, a auditora DNV deu en acreditar á Fundación e á Sociedade Centro de Supercomputación de Galicia coa certificación ISO 9001:2000. Esta versión do estándar ISO afecta a diversos aspectos da xestión e prestación de servizos, facendo especial fincapé na satisfacción dos seus usuarios e na mellora continua da entidade avaliada.

Coa consecución deste logro, o CESGA pretende ratificar o seu compromiso de calidade cos máis de cen mil usuarios que acceden aos seus servizos, procedentes das institucións universitarias e de I+D+i galegas e do CSIC –entorno aos cincocentos usuarios en servizos de cálculo e almacenamento e máis de cen mil usuarios na Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia.

O encargado de facer mañá entrega da certificación será o auditor xefe e delegado en Galicia da auditora nórdica Det Norske Veritas (DNV), Luís Alejandro.